

PONTE NAS ..ONDAS!

XIV^a Edición. IDENTIDADE E TERRITORIO

UNIDADE DIDÁCTICA

por Escoitar.org



ACTIVIDADE

TÍTULO

Paisaxe sonora cantada.

LEMAS

A “Escoita” como constructo social; Construindo unha imaxe aural do territorio; Son e identidade, son e lugar; O son como linguaxe universal;

INTRODUCCIÓN

Un lugar, como espazo habitado e cargado de significado, como espazo “de identidade, relacional e histórico”, está construído de memoria, e unha importante parte desa memoria, xa sexa individual ou colectiva, é o resultado da nosa escoita. Cada contorna e cada situación -pero tamén cada acto e cada instante-, están vinculados inexorablemente a uns sons concretos que caracterízanos e identifícanos, ou individualízanos, fronte ás acústicas doutros espazos e contextos. O son que nos rodea, que nos acompaña e que producimos consciente ou inconscientemente converteuse así nunha información e nun material cada vez máis relevante para a construción da identidade dos lugares. Neste contexto o Colectivo Escoitar.org, adicado dende hai dous anos á configuración dunha cartografía sonora do territorio galego, propón unha estratexia que nos permitirá asumir a complexidade sonora da nosa realidade, comprender en que medida o son infórmanos dun lugar para, dende o oído, elaborar novas formas de coñecemento e de expresión que eviten o silencio e a frontalidade co fin de permitir outras cartografías sensibles. Todo iso a través dun evento público, espectacular, divertido no que participarán máis dun cento de nenos de varios colexios de Galicia e o norte de Portugal. A intención desta actividade e familiarizarse cos sons que nos rodean realizando unha escoita atenta e comprensiva. Comprender de que xeito os sons forman parte da nosa vida e da nosa cultura establecendo vínculos máis alá das demarcacións territoriais.

A ACTIVIDADE QUE SE PROPÓN

A finalidade desta proposta, centrada na importancia da escoita e dos sons da noso contorno na configuración da identidade do territorio, materializarase nas seguintes intervencións (30 minutos de emisión en total):

1.- Intervención lúdico-didáctica sobre algúns aspectos relacionados coa escoita, o son e as paisaxes sonoras. Enfocado como un xogo para a radio no que se emitirán paisaxes sonoras de algúns países e outros sons radiofónicos (onomatopeias, imitacións de sons da natureza, etc.). 20 minutos/por membros de Escoitar.org.

2.- Interpretación dunha paisaxe sonora vocal entre todos os asistentes ó evento Ponte nas Ondas. Neste documento facilítanse unha serie de actividades e exemplos previos que permitan a comprensión e a valoración do son ambiental co fin de compartir unha experiencia de creación sonora. Entender a expresión musical como un xogo a partir dunha escoita creativa. Cada un dos centros que participen presencialmente prepararán a interpretación vocal dos diferentes sons que se lles asigne para interpretalos segundo as indicacións de Escoitar.org. A paisaxe sonora final será retransmitida en directo pola radio. 10 minutos

CONSIDERACIONES

O material que acompaña a este documento así como os exercicios propostos son orientativos e a súa intención é incentivar o traballo na aula sobre a importancia dos sons que nos rodéan. O ideal é que a partir deste traballo xurdan outras propostas relacionadas.

Para calquera dúbida, consulta ou comentario podedes escribir ó seguinte enderezo electrónico: info@escoitar.org

Despois de enviado material nos poñeremos en contacto para coordinar o que será o evento final asignando os sons que cada centro terá que aprender a interpretar ó seu xeito seguindo as pautas que se darán o día do evento.

OBXETIVO XERAL

Fomentar nos alumnos ó hábito dunha escoita crítica e atenta partindo dos sons ambientáis e procurando achegalos a unha nova sensibilidade que se reflicta en todas as facetas da súa vida, xa sexa nos propios procesos de expresión oral como no disfrute das experiencias musicáis e no repeto polos demais e polo contorno.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS

Tendo en conta o nivel ó que vai dirixida esta actividade se establecen os seguintes obxetivos específicos:

- 1.- Adquirir unha sensibilidade que lles motive para escoitar os sons do entorno descubriendo a súa musicalidade.
- 2.- Valoración da paisaxe sonora.
- 3.- Tomar conciencia do lugar que ocupan como produtores de son, como parte activa da paisaxe sonora así como daqueles sons que forman parte da súa vida, da súa familia, do seu barrio, do seu pobo/cidade...
- 4.- Facilitar o traballo en grupo como vía para mellorar as relacións humanas.
- 5.- Respetar o medioambiente e ós demais.
- 6.- Familiarizarse coa expresión vocal expandindo a idea de música máis alá dos formato habitual de canción.
- 7.- Fomentar a creatividade.

ÁREAS CURRICULARES

Cofecemento do medio Natural, Social e Cultural, Expresión musical, Lengua, Educación Visual e Plástica...

EXES TRANSVERSAIS

Educación ambiental, Respecto pola diversidade e Educación en Valores.

TEMPORALIZACIÓN

Tendo en conta o feito de tratarse de unha actividade non prevista na programación do curso a temporalización e a distribución do traballo e das actividades serán feitas polo profesor.

EXERCICIOS

É moi importante concienciar ós alumnos sobre a necesidade do silencio e o valor da escoita, antes de facer estes exercicios. É imprescindible conseguir un clima de tranquilidade para que os exercicios sexan efectivos e a actividade poida funcionar. Estes exercicios pódense facer de forma individual ou en grupo agás aqueles que especifican a necesidade de que participen máis dunha persoa.

EXERCICIOS DE MEMORIA ACÚSTICA:

1.- Pensa nos espazos nos que estás ó longo do día (casa, escola, rúa...) e fai columnas con aqueles sons que están asociados a eles. Colocados por orden de preferencia e fai unha pequena descrición de cada un deles.

2.- Cales deses sons os produces ti e cales os producen os demais?

3.- Cales deses sons te gustaría conservar e cales eliminarías? Por que?

4.- Pensa cal é o son máis fermosos que lembrás ter escoitado e o que menos che gustou. Por que? Que é o que che gusta dese son? Onde o escoitaches e cando?

5.- Podes lembrar e describir o primeiro son que escoitaches?

6.- Fai unha lista dos sons que escoitaches hoxe. Mañá repite o exercicio pola noite facendo un listado dos sons que máis te chamaron a atención durante o día. Coméntaos na clase.

EXERCICIOS DE ESCOITA PREVIOS:

1.- Onde esteas escoita o son que ven máis de lonxe e o máis próximo a ti.

2.- Permanece en silencio como mínimo durante 3 minutos e intenta escoitar os sons do teu corpo (latidos, respiración...). És capaz?

3.- Os espazos soan. Escolle tres espazos na túa escola (patio, aula, corredor...) o na túa casa (portal, baño, cociña...). Da unha palmada e escoita en silencio o que acontece de seguido.

4.- Marca un paseo e faino o máis paseniño que poidas mirando cara o chan e escoitando con moita atención. Fai unha lista dos sons que escoitaches.

5.- Fai un paseo cunha venda nos ollos mentres un dos teus compañeiros te vai guiando cos oídos tapados. Cando terminedes o paseo falade sobre a experiencia.

EXERCICIOS CON PAISAXES SONORAS GRAVADAS:

1.- Escoita os exemplos de paisaxes sonoras complexas gravadas que están no CD e sen ver o título intenta adiviñar o que estás escoitando. Fai unha descrición de todo o que acontece. Despois comproba o título.

2.- Escoita de novo eses sons e tenta imaxinar as situacións coas que os asociarías. Se queres podes escoller unha delas e pintar (ou facer un collage) que represente o espazo no que se producen.

3.- Tenta escribir palabras que representen os diferentes sons que escoitas na gravación.

4.- Escoita varias veces (dúas ou tres) algunha das gravacións de paisaxes sonoras complexas (2-3 minutos) e intenta facer unha partitura ou musicograma desa paisaxe.

5.- Escoita os sons que aparecen como paisaxes sonoras simples e fai un deseño que represente ese son, a súa evolución.

EXERCICIOS DE INTERPRETACIÓN VOCAL:

- 1.- Interpreta as onomatopeias (as palabras que representan os sons) do exercicio anterior. Fai o esbozo dunha paisaxe sonora que inclúa eses sons facendo grupos e interpretando durante un ou dous minutos.
- 2.- Interpreta a partitura/musicograma que fixeches no exercicio do paisaxe que escoitaches varias veces.
- 3.- Interpretade en conxunto a partitura de Cathy Berberian *Stripsody* ó voso xeito.
- 4.- Escollede algúns dos sons incluídos e intentade imitar ese son, primeiro por separado e despois todo o grupo. Unha boa forma para facelo é poñendo no CD o son e cantando por riba e despois dun tempo ir baixando o volume ata que só se escoiten as voces.
- 5.- Facede grupos (tres ou catro) escollendo dous sons por grupo. Un dos alumnos de cada grupo será o director e cando levante a man dereita os demais interpretan un son e cando levanta a esquerda interpretan o outro son. Poñédevos de costas e empezade a interpretar unha paisaxe sonora durante 2 minutos cos ollos pechados.

DETALLES

TERMINOLOXÍA

(Fotografías e fotogramas dos videos nas seguintes páxinas)

Onomatopeia

En lingüística unha onomatopeia é o uso dunha palabra, ou en ocasións un grupo de palabras, cuxa pronunciación imita o son daquilo que describe. Exemplos típicos de onomatopeias son "bum", "pam", "clic", "clá" ou "crac". Algunhas onomatopeias son utilizadas para describir figuras visuais en vez de sons, como "zigzag".

Paisaxe Sonora

Unha Paisaxe Sonora defínese como un ambiente acústico ou un ambiente creado polo son. Na súa concepción orixinal referíase ao ambiente acústico natural: os sons das forzas da natureza, os animais e os seres humanos. Deste xeito construía R. Murray Schafer o concepto de Soundscape.

REFERENCIAS

Cathy Berberian

Cathy Berberian foi unha compositora, mezzosoprano e vocalista estadounidense. É considerada a mellor e a máis popular intérprete de música contemporánea do seu tempo, que rompeu os prexuízos das elites da música clásica con respecto á música popular, revelando ao mundo a súa propia de enteira liberdade. A súa partitura Stripsody (1966), é un cómic visual (partitura feita con debuxos que tentan verbalizar sons dos cómics), pensada para ser interpretada por unha ou varias voces (ver foto nas seguintes páxinas)

BeatBoxing

O Beatboxing é a arte de simular coa boca os sons dunha caixa de ritmos, para facer bases sobre as que rapear ou para facer cancións aparte (beat box solo). Os beatboxeros tamén imitan sons da natureza coa boca.

Murray Schafer (World Soundscape Project)

Compositor, escritor e profesor canadiano. Estudou as teorías da educación musical o longo do mundo e iniciou os estudos sobre paisaxe sonora en Canadá a finais dos anos 60. Foi o pai do concepto de "Paisaxe Sonora" e lider dos estudos de ecoloxía acústica.

Phil Minton

Intérprete especializado na improvisación e interpretación vocal. Desenvolveu o que se chamou "técnicas extendidas de canto", incluíndo gritos, susurros, onomatopeias e movementos do corpo. Unha das súas especialidades é a dirección de coros de voces para a interpretación de partituras visuais.

Bobby McFerrin

Intérprete a capella longamente influenciado polo jazz e director de orquestra. A súa canción «Don't Worry, Be Happy», aparecida na banda sonora da película de 1988 Cocktail protagonizada por Tom Cruise, foi o éxito número 1 nas listas de Estados Unidos. Tamén colaborou con solistas como os pianistas de jazz Chick Corea e Herbie Hancock e o violonchelista Eu-Eu Ma e coa Saint Paul Chamber Orchestra. É coñecido por ter un gran rango vocal de catro oitavas e pola súa habilidade para usar a súa voz para crear efectos de son e imitacións de sons da natureza, como a súa recreación dun baixo, que logra cantando e mallando suavemente o seu peito.

Cantos de garganta siberianos

É unha forma de interpretación musical interpretada polos Inuit (esquimales da rexión de Alaska). Normalmente son as mulleres, en parexas, as que o interpretan, facendo xogos vocais guturais que recordan os sons dalgúns animais da zona.

Canto difónico

Consiste nunha reverberación sonora (xerada entre a farinxe e a boca) que produce dous sons simultáneos cunha lixeira variación (ao redor dun harmónico). Nalgúns casos, esta variación pode ser modulada de modo independente. É unha música que centra o seu interese na voz humana e, se ben se adoita tocar acompañada de instrumentos sinxelos (percusión principalmente) trata de encarnar un ambiente natural no que o asubío do vento ou os sons naturais predominan sobre a orquestración elaborada.

Canto difónico

<http://www.youtube.com/watch?v=6vkejOp9wOc>
http://www.youtube.com/watch?v=SeWK_4LgKUg

BIBLIOGRAFÍA

- SCHAFER, Murray (1992): *Hacia una educación sonora. 100 ejercicios de audición y producción sonora*. Pedagogías abiertas.
- DELALANDE, François (1995): *La música es un juego de niños*. Ricordi.
- PAYNTER, John (1999): *Sonido y estructura*. Akal.
- Selección de textos de varios autores que se pueden consultar online sobre paisaje sonoro en <http://www.escoitar.org/spip.php?rubrique2>

ENLACES DE INTERÉS (Videos)

Onomatopeias

<http://www.youtube.com/watch?v=q-BVwwKTjll>

Paisaxe Sonora

<http://www.youtube.com/watch?v=VjE0Kdfos4Y>

<http://vimeo.com/411496>

<http://www.youtube.com/watch?v=hyayFJ5Qzjs>

<http://www.youtube.com/watch?v=gjyWP2LfbYQ>

Cathy Berberian

<http://www.youtube.com/watch?v=8hZab0CHSc0>

BeatBoxing

<http://www.youtube.com/watch?v=S7GGkKpBR-g>

Phil Minton


http://www.philmintonsferalchoir.com/audio/feral_mel_bourneyasaqt.mp4

Bobby McFerrin

<http://www.youtube.com/watch?v=5VfyMPHzYdQ>

Cantos de garganta siberianos

<http://www.youtube.com/watch?v=qnGM0BIA95I>



1. Cathy Barberian (Stripsody)
2. Bird Gong Game Barry Guy

bird gong game · written for an absent soloist. (with the absent soloist) 1972 in New York

I *sustained*
flute also clarinet, trumpet, piano (see score)


II *sustained*
fl. clarinet, saxophone, trumpet, piano

III *sustained*
fl. clarinet, saxophone, trumpet, piano

IV *sustained*
fl. clarinet, saxophone, trumpet, piano

V *sustained*
flute also clarinet, trumpet, piano
with voice
pp optional


the game consists of four sections identified by the signs (sustained), (solo), and (unsustained).
There is a sustained section (with or without voice) and a solo section (with or without voice).
The game is written for an absent soloist. The soloist is not present at the time of the performance.
The game can be played in any order and the sequence of the sections can be changed.
The game can be played in any order and the sequence of the sections can be changed.
The game can be played in any order and the sequence of the sections can be changed.



1. Murray Schafer
2. Makrokosmos, Spiral Galaxy



1. Kerry John Andrews
2. Randy Raine-



Honda Civic Choir: Rehearsal




Honda Civic Choir: Rehearsal



Honda Civic Choir: Rehearsal



Honda Civic Choir: Rehearsal



Honda - 'Choir' Advertisement





1 e 2 Escoitar.org, paisaxe sonora cantada (CGAC)

